

# *A traxicomedia de Don Cristobita e Rosiña.* (Os títeres de Cachiporra.)

Farsa en seis cadros de FEDERICO GARCÍA LORCA.

\*\*\*\*\*

*Aparece todo o grupo de actores e actrices no escenario. Entón catro deles farán soar os claríns e un tambor. Sairá O MOSQUITO: é un personaxe misterioso, metade trasgo, metade insecto. Representa a alegría do vivir libre. Leva unha cornetiña de feira. Ven ao fronte e diríxese ao público*

**MOSQUITO.-** ¡Homes e mulleres! Atención. Neno, pecha esa boca, e ti, rapariga, senta que xa é hora. Calade todos!... *(Todo o grupo achégase e fai o aceno de silencio.)* Calade para que o silencio quede máis claro, coma se estivese cómodo xunto a nós. Calade para que se asenten as últimas conversas. *(Tambor.)*

Eu e a miña compañía vimos do teatro dos burgueses, *(O grupo, sempre detrás, móvese representando os movementos, saídos ou xestos da xente nobre, rica, altiva...aburrída.)* do teatro dos condes, dos marqueses e da xente rica; un teatro de ouro e cristais, onde os homes van durmir e as señoras... tamén.

Eu e a miña compañía estabamos encerrados. *(O grupo péchase baixo un gran toldo.)* Non vos podeades imaxinar que pena tiñamos. Pero un día mirei polo buraquinho da porta unha estrela que tremía como unha fresca violeta de luz. Abrín o meu ollo todo o que puider -queríamos pechar o dedo do vento- e baixo a estrela, un ancho río sorría sucado por lentas barcas.

Entón eu avisei aos meus amigos, e fuximos baixo a lúa verde das montañas, *(O grupo libérase e foxe...)* baixo a lúa rosa das praias en busca da xente sinxela, para mostrarlles as cousas, ...as cousiñas do mundo... Agora *(O grupo prepara a escena...)* vai dar comezo a gran función titulada “A traxicomedia de Don Cristobita e Rosiña”...

Preparádevos a sufrir o xenio do maldito Cristóbal e a chorar coa tenrura de Rosiña que, baixo un aspecto exterior común de muller, oculta unha valente entrega ao seu namorado.

¡A empezar! *(Fai mutis todo o grupo, obedecendo os xestos do Mosquito; pero este volve correndo.)* E agora... ¡vento!: abanica tanto rostro asombrado, leva os suspiros e limpa as bágoas nos ollos das nenas sen noivo.

*(Música)*

## *Cadro primeiro*

*Sala na casa de Rosiña. Ao fondo, unha gran reixa e unha porta. Rosiña leva un traxe rosa, claro. Ao abrir o pano está sentada bordando. Xunto a ela, a súa amiga Estrela.*

### ESCENA I

**ROSIÑA.-** *(Contando as puntadas.)* Un, dous, tres, catro... *(Pícase.)* Ai! *(Levándose o dedo á boca. Quéixase a súa amiga.)* Catro veces me piquei xa no bordado desta flor.

**AMIGA DE ROSIÑA.-** En verdade que o cañamazo é un labor difícil.

**ROSIÑA.-** Si, un, dous.. *(Solta a agulla.)* Ai, que ganas teño de casar! Sabes Estrela, levarei unha flor amarela sobre o escote, e un veo que arrastrará por toda a rúa. *(Levántase.)*

**ESTRELA.-** *(Chinchando.)* E cando a perruqueira asome á súa fiestra..., que lle vas dicir?

**ROSIÑA.-** Cando a perruqueira asome á súa fiestra? Eu direille: vou casar, pero antes ca ti, moito antes ca ti... Verás que pulseiras! *(Asubío fóra.)* Ai, o meu neno! *(Corre á reixa.)*

*(Entón a NAI de Rosiña berra dende fóra. Achégase.)*

**A NAI.-** *(Fóra.)* Rosiñaaaaaaa!

**ROSIÑA.-** *(Asustándose.)* Queeeeeee! *(Asubío máis forte. Corre e senta diante do bastidor xunto a Estrela, e tirlle bicos á reixa.)*

**A NAI.-** *(Entrando.)* Quería saber se bordabas... Vaia, está aquí a túa amiga Estrela... Borda, filliña miña, borda, que con iso comemos! *(Fala para ela.)* Ai, que mal estamos de diñeiro! Dos cartos que herdamos do teu tío o Arcipreste, non queda nin tanto así! *(Fai un aceno.)*

**ROSIÑA.-** Ai, que barbas tiña o meu tío o Arcipreste! *(Asubío fóra.)* Que precioso era! E que ben asubiaba! Que ben!

**A NAI.-** Pero, filla, que estás dicindo? Volvícheste tola?

**ROSIÑA.-** *(Nerviosa.)* Non, non... Equivoqueime...

**A NAI.-** Ai, Rosiña, que entrampadas estamos! Que vai ser de nós! *(Saca o pano e chora.)*

**ROSIÑA.-** *(Chorando.)* Pois... si... ti... eu... *(A amiga tamén saca outro pano e chora.)*

**A NAI.-** Se polo menos quixeses casar, outro galo nos cantaríaa; pero paréceme a min que por agora..

**ESTRELA.-** Se ela o está desexando!

**A NAI.-** Si?

**ROSIÑA.-** *(ROSIÑA move a cabeza nun xesto de confirmación.)* Non te deches conta?

**ESTRELA.-** Non pode ser, co perspicaces que sodes as nais!

**A NAI.-** Pois vénnos ao pelo e como anel ao dedo!

**ESTRELA.-** Se calquera de nós por peitearnos e poñernos guapas e darnos cor nas meixelas...

**A NAI.-** Entón, Rosiña, estás conforme?

**ROSIÑA.-** *(Con inocencia finxida.)* Si, nai.

**A NAI.-** E, non te arrepentirás?

**ROSIÑA.-** Non, nai.

**A NAI.-** E farasme caso sempre?

**ROSIÑA.-** Si, nai. *(Mira para Estrela sen entender esta última pregunta.)*

**A NAI.-** Pois isto era o que eu quería saber. *(Saíndo.)* Salvamos da ruína. Salvamos! *(Vaise.)*

## ESCENA II

**ROSIÑA.-** Que significará iso de “Salvamos da ruína. Salvamos da ruína”?... Porque o meu noivo Cocoliche ten menos diñeiro ca nós. Moito menos!

**ESTRELA.-** Seguro?

**ROSIÑA.-** Que! Herdou da súa avoa tres moedas e unha caixa de marmelo, e... nada máis!

**ESTRELA.-** Pois si que!

**ROSIÑA.-** Ai! Pero quéroo, quéroo, quéroo e requetequéroo. *(Isto dito con gran rapidez.)* Os cartiños, para as xentes do mundo; eu quedo co amor. *(Corre e axita un longo pano rosa pola reixa.)*

## ESCENA III

**A VOZ DE COCOLICHE** *(Cantando.)*

*Eu quería-me casare  
Miña nai, non teño roupa...*

**ROSIÑA.-** *(Cantando contesta.)*

*Eu quería-me casare,  
miña nai non teño roupa...*

**COCOLICHE.-** *Casa, miña filla, casa, que unha perna tapa á outra...*  
*(Asomándose á reixa.)* Quen vive?

**ROSIÑA.-** *(Tapando a cara co pano rosa e finxindo a voz.)* Xente de paz.

**COCOLICHE.-** *(Ignora a Rosiña que se tapa co pano e fálalle a Estrela.)* Non vive nesta casa por casualidade unha tal Rosiña?

**ESTRELA.-** Está tomando os baños.

**COCOLICHE.-** *(Facendo ademán de retirarse.)* Pois que lle senten ben.

**ROSIÑA.-** *(Descubríndose.)* Cocoliche!! E es capaz de marchar?

**COCOLICHE.-** Non podo. *(Meloso.)* Ao teu lado os pés vólvense de chumbo.

**ROSIÑA.**- Sabes unha cousa?

**COCOLICHE.**- Que?

**ROSIÑA.**- Ai, non me atrevo!

**COCOLICHE.**- Veña, atrévete!

**ESTRELA.**- Atrévete, veña!

**ROSIÑA.**- (*Moi seria.*) Mira, eu non quero ser unha muller impúdica.

**COCOLICHE.**- E a min paréceme moi ben.

**ROSIÑA.**- Mira, é o caso...

**ESTRELA.**- Acaba xa!

**ROSIÑA.**- Tapareime co pano.

**COCOLICHE e ESTRELA.**- (*Desesperados.*) Muller!

**ROSIÑA.**- (*Coa cara tapada e vocalizando mal.*) Que me caso contigo.

**COCOLICHE.**- Que estás dicindo?

**ROSIÑA.**- O que oes! Que me caso contigo, Cocoliche!

**COCOLICHE.**- Ai, Rosiña! (*Cae coa alegría.*)

**ROSIÑA.**- Deseguido..., vou casar deseguido!

**COCOLICHE.**- (*Recobrando a compostura.*) Deseguido imos escribir unha carta a París pedindo un neno...

**ESTRELA.**- Anda, mira que ocorrente..

**ROSIÑA.**- Oe, a París de ningún xeito, porque non quero que se pareza aos franceses. Non che parece, Estrela? (*Estrela di que si.*)

**COCOLICHE.**- Entón?

**ROSIÑA.**- Pedirémolo a Brasil.

**COCOLICHE.**- Pero, sábeo a túa nai?

**ESTRELA.**- E permítello!

**ROSIÑA.**- (*Quita o pano.*) Si, ela permítemo.

**COCOLICHE.**- Ai, Rosiña miña! Ven! Ven! Achégate!

**ROSIÑA.**- Pero non te poñas nervioso. Mira que non estamos sos...

**COCOLICHE.**- Paréceme que me están facendo cóxegas na planta dos pés. Achégate.

**ROSIÑA.**- Non, non; de lonxe dareiche bicos. (*Bícanse de lonxe. Entón óese o ruído dunhas campaiñas.*) Sempre pasa o mesmo. Agora vén xente. Vaite, Cocoliche! Ata a noite! (*COCOLICHE desaparece.*)

## ESCENA IV

*(Senten campaiñas, e pola gran reixa do fondo cruza DON CRISTOBITA a cabalo co seu Criado, e detéñense.)*

**DON CRISTOBITA.-** *(Desde o cabalo fala co criado mirando a Rosiña.)* Efectivamente, Rosiña é a nena máis guapa do pobo.

**ROSIÑA.-** *(Facendo unha reverencia coa saia.)* Moitas grazas.

**DON CRISTOBITA.-** Quedo con ela definitivamente. Medirá un metro de alzada. A muller non debe medir nin máis nin menos. Pero, que talle e que garbo! Case, case me ten xa engaiolado. Xa está! Arre, cabalo!

*(CRISTOBITA e o seu CRIADO saen.)*

## ESCENA V

**ESTRELA.-** *(Facendo burla.)* “Xa está!”... “Quedo con ela?”... E eu que son, un moble? A muller invisible? Que cabaleiro máis feo e máis mal educado!...

**ROSIÑA.-** Será un tolo deses que veñen do estranxeiro. *(Pola reixa cae un colar de perlas; escoitase un asubío.)* Ai! Que é isto? Deus, que colar de perlas tan precioso! *(Cólga e mírase nun espello de man.)* Calquera gran dama tería un así...

**ESTRELA.-** ...e desde a torre do seu castelo esperaría ao seu esposo. *(As dúas rin.)*

**ROSIÑA.-** E que ben me senta!

**A NAI.-** *(Entrando)* Miña filla, felicidade completa! Acabo de concertar a túa voda!

**ROSIÑA.-** Canto cho agradezo, e Cocoliche canto cho agradecerá! Agora mesmo...

**A NAI.-** *(Cortando.)* Que Cocoliche nin que neno morto! Que estás dicindo? Eu deille a túa man a Don Cristobita o da porra, que acaba de pasar na súa cabalgadura por aí.

**ROSIÑA.-** Pois non quero, non quero, ¡jea! E o que é a miña man, de ningún xeito ma quitas. Eu tiña o meu noivo... E tiroume un colar!

**A NAI.-** Pois non hai máis remedio. *(Colle a Rosiña e lévaa aparte para que a Amiga non escoite; aínda que Estrela se esforza en escoitar.)* Ese home *(Marmura.)* ten moito ouro e a min convénme, porque se non, Rosiña, miña filla, mañá teríamos que pedir esmola.

**ROSIÑA.-** Pois pedímola. *(Sóltase e vai xunto a súa amiga, enfurruñada.)*

**A NAI.-** Aquí mando eu, que son a túa nai. O prometido, prometido está, e cartucheira no canón. Non hai que falar máis.

**ROSIÑA.-** É que eu...

**A NAI.-** Silencio!

**ESTRELA.-** Pois a min...

**A NAI.-** Chitón! *(Vaise.)*

**ROSIÑA.-** Ai, ai! E digo eu: dispón de min e da miña man, e non teño máis remedio que aguantarme porque o manda a lei. *(Chora.)* Tamén a lei podía ter consideración!

**ESTRELA.-** Ai, Rosiña, a lei non sabe o que pasa en cada casa.

**ROSIÑA.-** Se polo menos puidese...,

**ESTRELA.-** Se polo menos puideses?

**ROSÍÑA.**- Eu que sei!... Vender a miña alma ao diaño! (*Gritando.*) Diaño, sae, diaño, sae! Que eu non quero casar con Cristobita. (*ESTRELA fai de Diaño que se aparece a ROSÍÑA.*)

**A NAI.**- (*Entrando.*) Que voces son esas? A bordar e a calar Rosiña! E ti Estrela, mellor que marches para a túa casa, que xa son horas! (*ESTRELA sae correndo ante a furia da nai.*) Que tempos estes! Van mandar as fillas? Ti farás caso de todo, como fixen eu caso do meu papá cando me casou co teu pai, que Deus o teña consigo (*persígnase.*), que dito sexa entre paréntese, tiña unha cara de lúa, que xa, xa...

**ROSÍÑA.**- Está ben. Calarei!

**A NAI.**- (*Facendo mutis.*) Ho, o que hai que ver!

**ROSÍÑA.**- Está ben. Entre o cura e a nai estamos as raparigas completamente amoladas. (*Senta a bordar.*) Todas as tardes, (*Conta as puntadas.*) tres, catro, dinos o párroco: que ides ao inferno!, que ides morrer torradas!, sodes peor que os cans!... Tamén os curas poderían calar e non falar tanto...; pero digo eu, que os cans casan con quen queren e pásano moi ben! Como me gustaría ser unha cadela! Porque se lle fago caso á miña nai, (*Conta as puntadas.*) catro, cinco, entro nun inferno, e se non, por non facerlle caso, logo vou ao outro..., porque... (*Limpa as bágoas.*) Se eu quero casar con Cocoliche, a quen lle importa nada isto? Ai, ai, ai, ai...!

(*Silenciosamente, DON CRISTOBITA e o seu CRIADO fóronse achegando ata a fiestra.*)

## ESCENA VI

**DON CRISTOBITA.**- (*Co seu criado na fiestra.*) É unha boa moza. Gústache?

**CRIADO.**- (*Tremendo.*) Si, señor.

**DON CRISTOBITA.**- A boca un pouquiño grande, pero vaia marabilla de corpo... Aínda non pechei o trato... Gustaríame falar con ela, pero non quero que tome demasiada confianza. A confianza é a nai de todos os vicios. Non me dirás que non?

**CRIADO.**- (*Tremendo.*) Non..., Perdón, digo si, señor!

**DON CRISTOBITA.** Non hai máis que dous camiños a seguir se un home quere conquistar unha muller: determinación..., e un baile!

(*Soa a música e DON CRISTOBITA non pode resistilo, colle a ROSÍÑA e baila con forza e ritmo.*)

**CRIADO.**- Ai, Deus!

(*Tras uns pases a música deixa de soar. DON CRISTOBITA segue unido a ROSÍÑA, conxelando a acción.*)

**DON CRISTOBITA.**- (*Ao Criado, con celos.*) Oe, vexo que che gusta!

**CRIADO.**- Aínda a merece mellor a súa mercé.

**DON CRISTOBITA.**- (*Sepárase de Rosiña facéndolle unha reverencia.*) É unha moza suculenta. E para min só! Para min só! (*Vanse.*)

**ROSÍÑA.**- Isto é o que me faltaba. Eu desespérome. Eu envelénome agora mesmo con mistos ou cun sublimado corrosivo.

*(O reloxo da a hora; aparece MOSQUITO.)*

**MOSQUITO.-** *(Coa campá e coa boca.)* Tan! Rosiña: ten paciencia, que vas facer? Que sabes ti do xiro que van tomar as cousas? Mentres que aquí hai sol, noutras partes chove. Que sabes ti os ventos que van vir mañá para facer bailar o catavento do teu tellado? Deixa que a auga corra e as estrelas saian. Rosiña, ten paciencia! Tan! A unha *(Sae.)*

**ROSIÑA.-** A unha... Pois maldita a gana que teño de comer!

**VOZ DE COCOLICHE QUE CANTA.-** *(Fora)* *Eu quería casare; miña nai, non teño roupa!*

*(ROSIÑA vai onde o reloxo. A campá soa.)*

**ROSIÑA.-** *(Chorona.)* *Casa, miña filla casa, ...que unha perna tapa á outra.*

**CAMBIO DE ESCENA. (Música.)**

## *Cadro segundo*

**MOSQUITO.-** *Estamos na praza do pobo. Á dereita, a casa de Rosiña. Hai unha árbore enorme e un banco. Rosiña está sentada. Leva unha cinta negra sobre os cabelos. Aparece pola esquerda Cocoliche.*

### ESCENA VII

**O MOSQUITO.-** Rosiña está triste. Ten medo á lúa. A lúa é terrible para os namorados que se ocultan. *(COCOLICHE asubía; ROSIÑA inquieta.)* O asubío tocou como unha pedriña de música no seu corazón.

**COCOLICHE.-** Onte puxo un lazo no pelo. Ela díxome: “Unha cinta negra sobre os meus cabelos é como se estivese de loito. Ponte triste se así me ves; o negro baixará logo ata os pés.” Algo lle pasa.

*(O Mosquito sae. A escena ilumínase cunha doce luz.)*

**ROSIÑA.-** *(Canta)* “No niño novo do vento, hai unha pomba dourada...”

**COCOLICHE.-** *(Achegándose.)* Por que estás tan tristeira?

**ROSIÑA.-** *(Moi afectada e moi poética.)* Ai, meu Cocoliche! O vento do infortunio fai virar agora todos os cataventos do mundo. Dentro de cen anos virarán o mesmo?

**COCOLICHE.-** Que queres dicir? Non te entendo, Rosiña! Colliches un resfriado?

**ROSIÑA.-** Quero que mires á esquerda e á dereita do tempo; que o teu corazón aprenda a estar tranquilo.

**COCOLICHE.-** Que dis? Non te entendo!

**ROSIÑA.-** O que vou che dicir leva aguillón. Por iso te preparo. *(Pausa, na que Rosiña chora comicamente, case afogada.)* Non podó casar contigo!

**COCOLICHE.-** Rosiña!

**ROSIÑA.-** Ti es o brillo dos meus ollos! Pero non podó casar contigo! *(Chora.)*

**COCOLICHE.-** Non quererás meterte monxa? Fíxenche eu algo malo? Ai, ai, ai! *(Chora dun xeito entre infantil e cómico.)*

**ROSIÑA.-** Xa te decatarás. Agora, adeus.

**COCOLICHE.-** *(Gritando e pateando no chan.)* Pero non, pero non, pero non.

**A NAI.-** *(Dentro, berra e chama a Rosiña.)* Rosiñaaaa!

**ROSIÑA.-** Adeus, a miña nai chámame. *(ROSIÑA sae. COCOLICHE queda só.)*

**COCOLICHE.-** *(Só.)* Sóanme os oídos coma se estivese no alto dun monte. Estou coma se fôra de papel e quémame o lume do meu corazón. Pero isto non pode ser; non, non, e non. *(Pateando no chan.)* Por que non quere casar comigo? Cando lle trouxen a diadema da feira de Portugal, pasoume a man pola cara! Cando lle regalei o chal das rosas, miroume dun xeito... E cando lle merquei o abano de nácara, deume tantos bicos como variñas tiña. Si, señor, tantos bicos!... Mellor era que me partise un raio pola metade. Ai!, ai!, ai! *(Chora con excelente compás.)*



## ESCENA VIII

*Pola esquerda entran varias mozas... Cantan e bailan e rodean a COCOLICHE.*

**LARA** .- É Cocoliche, que pasou?

**ALBA** .- Por que choras? Levanta do chan.

**ESTRELA** .- Eu ben sei o que lle pasa. *(Todas se achegan a ESTRELA que cotillea a desgraciada ruptura do compromiso de Cocoliche e Rosiña.)*

**COCOLICHE** .- Deixádemel!

**BRANCA** .- Pero Cocoliche... Que máis ten que un paxaro na fraga voe dunha árbore a outra?

**LARA** .- Será posible! Vente con nós que a pena pasarache cando sintas o vento do campo.

**ALBA** .- Mellor imos á taberna e que alí afogue a súa tristeza coma os homes!

**ESTRELA** .- Boa idea, e pedímoslle a Casilda, a taberneira, un chocolate.

**BRANCA** .- Imos, imos. *(Lévanos. Voces e cantan.)*

## ESCENA IX

*Queda a escena soa. A lúa ilumina a ancha praza. Ábrese a porta da casa de Rosiña e aparece a Nai vestida de gris, cunha perruca cor rosa e a cara da mesma cor. Don Cristobita vén vestido de verde cun ventre enorme e unha pouca xoroba. Leva un colar, unha pulseira de cascabeis e unha porra, que lle serve de bastón. Con el o seu criado.*

**DON CRISTOBITA** .- Con que pechamos o trato. Non é?

**A NAI** .- Si, señor... pero...

**DON CRISTOBITA** .- Que pero nin que neno morto? Pechamos o trato. Eu doulle a vostede os cartos para desentramparse, e vostede dáme a súa filla Rosiña... *(Faille un aceno ao seu Criado para que lle de á Nai unha bolsa con cartos.)* E debe vostede estar contenta porque ela está... algo maduriña.

**A NAI** .- Pero, se ten quince anos!

**DON CRISTOBITA** .- *(Faille un aceno ao seu Criado para que lle quite á Nai a bolsa cos cartos.)* Dixen que está maduriña e punto.

**A NAI** .- Si... señor, está maduriña.

**DON CRISTOBITA** .- Pero, con todo, é unha linda rapariga. Que carallo! Un boccata di cardinali! *(Queda ensimesmado pensando en Rosiña.)*

**A NAI** .- *(Ao Criado.)* Fala o voso amo o italiano?

**CRIADO** .- Si, de neno estivo en Italia e logo en Francia, servindo a un tal don Pantalone... Pero, a vostede non lle importa nada disto!

**A NAI** .- Non..., non..., non me importa nada.

**DON CRISTOBITA** .- *(Volvendo en si.)* De maneira que mañá á tarde quero ter todas as bendicións.

**A NAI.-** *(Aterrada.)* Iso non pode ser, don Cristobita.

**DON CRISTOBITA.-** Quen me dixo a min que non? Non sei como non a envío ao barranco onde botei a tantos. *(Ao Criado.)* Cántalle, cántalle!

**CRIADO.-** Esa porra que ve aí matou moitos homes... franceses, italianos, húngaros! Tamén mulleres!

**DON CRISTOBITA.-** *(Cortando.)* Teño a lista na miña casa. Obedézame, non vaia danzar cos mortos! *(Ao Criado.)* Cántalle, cántalle!

**CRIADO.-** Hai tempo que a porra non funciona e fúxelle das mans. Teña coidado!

**A NAI.-** Si... señor.

**DON CRISTOBITA.-** Diga vostede: "Terei coidado".

**A NAI.-** Terei coidado.

**DON CRISTOBITA.-** Agora, tome o diñeiro. *(Faille un aceno ao seu Criado para que lle dea outra vez á Nai a bolsa cos cartos.)* Moi cara me sae a nena. Moi cara! Pero, en fin, o feito, está feito. Eu son home que non se retracta xamais do que fai.

**A NAI.-** *(Para si.)* Deus, a quen lle entrego eu a miña filla! Que fixen!

**DON CRISTOBITA.-** Que falas muller?... Imos avisar ao cura.

**A NAI.-** *(Con medo.)* Imos.

**ROSIÑA.-** *(Dentro, canta)* "No niño novo do vento hai unha pomba dourada; quen puidera namoralá...!"

**DON CRISTOBITA.-** Que é iso?

**A NAI.-** A miña nena que canta... É unha canción preciosa!

**DON CRISTOBITA.-** Bah! Xa lle ensinarei eu que poña a voz máis natural, e cante aquilo de: "E pousa, pousa, pousa, e non me toques naquela cousa..." *(Ri mentres bate na cabeza do Criado coa porra.)* He, he, he... *(Saen da escena e a Nai "arrepentida" séguelos.)*

**CAMBIO DE ESCENA. (Música.)**

## *Cadro terceiro*

**MOSQUITO.-** *Unha taberna. Ao fondo, barrís contra as paredes. Un vello cartel e tres candís. É noite. A taberneira está detrás do mostrador; chámase CASILDA. Á dereita, outras dúas mulleres: unha é a zapateira, ZOCAS-BOAS; a outra é a perruqueira, PEITES-FINOS. Xogan as cartas e cantan.*

### ESCENA X

**ZOCAS-BOAS.-** *(Canta un pouco chispa.)* "A virxe de Guadalupe cando vai pola ribeira..."

**PEITES-FINOS.-** Eh, ti! Casilda! A canción ábreme as ganas de beber. Trae outro te frío de Verín!

**ZOCAS-BOAS.-** E a min outro mosto do Rosal.

**CASILDA.-** *(Con preguiza.)* Agora mesmo, bruxas.

*(Pola porta entra un Mozo; a cara tapada. Leva sombreiro. Expectación. Segue e senta nunha mesa da esquerda sen descubrirse.)*

**CASILDA.-** Quere a súa mercé tomar algo?

**MOZO.-** Ai! Non.

**CASILDA.-** Vai esperar que veña alguén?

**MOZO.-** Ai! Non.

*(Casilda retírase un tanto sorprendida e leva a Zocas-Boas e Peites-Finos o que reclamaron hai un intre.)*

**CASILDA.-** Escoitastes como suspira?

**MOZO.-** Ai! Ai! Si!

**PEITES-FINOS.-** Quen é?

**CASILDA.-** Non puiden adiviñalo.

**ZOCAS-BOAS.-** Quen será?

**PEITES-FINOS.-** É igual, mellor será que nos vaiamos. *(Apura a bebida.)* Xa son horas.

**ZOCAS-BOAS.-** *(Apura tamén a bebida.)* Está a noite clara. *(Poética.)* E as estrelas caen sobre as casas.

*(Casilda e Peites-Finos míranse, sorprendidas pola frase. Ao final, rin, pero axiña calan. Peites-Finos toma a iniciativa en erguerse para saír.)*

**PEITES-FINOS.-** Imos, amiga, que o amencer agarda. Que, gustouche a frase? *(Saen.)*

### ESCENA XI

*Queda o Mozo só. Apenas se lle verá a cabeciña. Toda a escena está iluminada por unha penetrante luz azul.*

**MOZO.-** Encontro o pobo máis branco, moito máis branco. Cando o vin dende o monte, entroume a luz polos ollos e chegoume ata os pés.

**CASILDA.**- Si, aquí pronto haberá que pintarse con cal ata as carnes.

**MOZO.**- Ai, pero teño un tremor dentro de min... Non debín vir!

**CASILDA.**- Está vostede moi nervioso, pero eu teño unha macela das terras da Limia...  
(*Na rúa senten voces alegres. Saíndo.*) Que pasa?

(*Entra o grupo de MOZAS con Cocoliche á cabeza.*)

**COCOLICHE.**- (*Despechado.*) Casilda, dános viño ata que nos salga polos ollos. Serán moi bonitas as nosas bágoas; bágoas de topacio e de rubí...

**ALBA.**- Veña Cocoliche! O que nós non podemos permitir é que esteas triste!

**ESTRELA.**- Iso é. Pero mellor ponnos un chocolate, que o preparas de marabilla.

**COCOLICHE.**- Ela dicíame cousas tan delicadas!... Dicíame: tes os beizos como dúas fresas sen madurar, e...

**LARA.**- (*Interrompéndolle.*) Rosiña é moi romántica, Cocoliche. Polo mesmo, non tería eu ningunha pena. Don Cristobita é un vello gordo, bébedo, durmiñón, que moi en breve...

**TODAS.**- ¡Buunnnn!

**LARA.**- Si, que moi en breve... (*Ri*) estoupará.

**CASILDA.**- Mozas, mozas, que os estades pasando... (*Ponlles o chocolate.*)

**ESTRELA.**- E agora, a brindar Cocoliche.

**BRANCA.**- Eu brindo polo que brindo, e porque teño que brindar. Cocoliche: ás doce da noite terás a porta aberta, e todo o demais.

**TODAS.**- ¡Buunnnn!

**ESTRELA.**- Eu brindo por Rosiña.

**ALBA.**- (*Levantándose.*) Por Rosiña!

**LARA.**- E porque o seu futuro marido estale como un fantoche!

**TODAS.**- ¡Buunnnn! (*Risas.*)

**MOZO.**- (*Achegándose, pero embozado.*) Alto! Eu son forasteiro e quixera decatarme de quen é esa Rosiña pola que brindades con tanta alegría.

**COCOLICHE.**- Tanto lle interesa a vostede, sendo forasteiro?

**MOZO.**- Poida que si.

**COCOLICHE.**- Casilda, pecha a porta, que a pesar de estar cerca o mes de maio, este señor parece que ten moito frío.

**ALBA.**- Sobre todo na cara.

**MOZO.**- Eu achegueime a preguntaros unha cousa, e respondédesme con mala intención... Paréceme que as bromas están sobrando.

**COCOLICHE.**- E a vostede, que lle importa quen é esa muller?

**MOZO.**- Máis do que vostede cre.

**COCOLICHE.**- Pois ben: esa muller é Rosiña, a da praza, a miña... si!, a miña noiva!

**LARA.**- (*Adiantándose.*) Que casa agora con don Cristobita, e este, pois... Xa llo pode figurar!

**TODAS.**- ¡Buunnnn! ¡Buunnnn! (*Risas.*)

**MOZO.**- (*Moi triste.*) Perdoade. Interesoume a conversación porque eu tiven unha noiva que se chamaba tamén Rosiña...

**BRANCA.**- E xa non é a vosa noiva?

**MOZO.-** Non. Agora ás mulleres gústanlles os chiquilicuatros. Boas noites. *(Inicia o mutis.)*

**BRANCA.-** Antes de marcharvos, non queredes tomar unha cunca de chocolate connosco.

**MOZO.-** *(Na porta, nervioso.)* Moitas grazas, pero eu non bebo. Boas noites. *(Aparte e marchándose.)* Non sei como me puiden conter.

**CASILDA.-** Pero quen demos é ese e a que veu aquí? O caso é que a súa voz sóame!

**ESTRELA.-** Iso mesmo dígoche eu a ti. Quen é este embozado, esta máscara?

**CASILDA.-** O caso é que a súa voz sóame!

**ALBA.-** Casilda, es unha boa taberneira e fas un chocolate riquísimo, pero unha malísima espía. Vou saír e seguilo para ver se podo frear a nosa curiosidade. *(ALBA sae.)*

**LARA.-** Vou contigo Alba, non vaia ser un forasteiro perigoso.

**TODAS.-** Buunnnn! *(Rin; ALBA e LARA saen.)*

**COCOLICHE.-** Estou preocupado, moi preocupado...

*(Todos están inquedados; falan en voz baixa.)*

## ESCENA XII

**LARA.-** *(Desde a porta; sae.)* Mozas: don Cristobita vén á taberna.

**COCOLICHE.-** Boa ocasión para partirlle a cara.

**CASILDA.-** Eu non quero liortas na miña casa. Así que, xa vos estades largando.

**BRANCA.-** Non hai tempo para saír, Casilda; mellor escondernos.

**COCOLICHE.-** Mellor..., partirlle a cara!

**ESTRELA.-** Déixache de malas intencións, Cocoliche! Déixache de malas intencións!

*(As Mozas collen a Cocoliche e escóndense detrás dos toneis. A escena queda en silencio.)*

**DON CRISTOBITA.-** *(Na porta.)* ¡Boooaaaaaaasssssssss!

**CASILDA.-** *(Aterrada.)* Boas noites.

**DON CRISTOBITA.-** Terás moito viño, verdade Casilda?

**CASILDA.-** De todos os que vostede queira.

**DON CRISTOBITA.-** Pois todos, quéroos todos!

**BRANCA.-** *(Desde un recuncho.)* Cristobita! *(Con voz afrautada.)*

**DON CRISTOBITA.-** Eh? Quen fala?

**CASILDA.-** Será algún cadelo coa lúa

**DON CRISTOBITA.-** *(Agarra a porra e canta. Pasea a mirada polos arredores da taberna.)* “E pousa pousa pousa, e non me toques naquela cousa...”

**CASILDA.-** *(Turbada.)* Hai viño doce... viño branco... Tamén fago un rico chocolate! Quere un pouco?

**DON CRISTOBITA.-** *(Golpea a porra na man mentres mira moi fixamente a Casilda, e volve cantar.)* “E pousa pousa pousa, e non me toques naquela cousa...”

**CASILDA.-** *(Turbada e máis.)* Hai viño doce... viño branco... viño... agre, viño... verde, viño que veu...

**DON CRISTOBITA.-** *(Cortante.)* Quéroos todos!! E a baixo prezo, eh? Sodes todos uns ladróns! E as taberneiras máis! *(Apuntando coa porra a Casilda.)* Di: as taberneiras máis!

**CASILDA.-** *(Tremendo.)* As taberneiras máis!

**DON CRISTOBITA.-** Mañá caso coa Rosiña, e quero que haxa moito viño para... bebelo eu.

**ESTRELA.-** *(Desde un tonel.)* Cristobita é un rosmón...!

**BRANCA.-** *(Desde outro tonel.)* ...Que bebe e dorme un mogollón!

**DON CRISTOBITA.-** ¡Brrrrrrr, br, br, br! É que os teus toneis falan, ou é que me estás tomando o pelo Casilda?

**CASILDA.-** Eu?, eu?...

**DON CRISTOBITA.-** Cheira a porra! *(Acércalle a porra ao nariz.)* A que cheira?

**CASILDA.-** Cheira... pois...

**CRISTOBITA.-** Dio!

**CASILDA.-** A miolos!

**DON CRISTOBITA.-** Que pensas agora? E en canto a iso de que bebo e durmo moito, xa veremos quen bebe ou dorme eternamente. *(Furioso.)*

**CASILDA.-** Pero don Cristóbal, por favor! Don Cristóbal, como pode pensar que eu...?.

**ESTRELA.-** *(Desde un tonel.)* ¡Cristobita, barriguiña!

**BRANCA.-** ¡Barriguiña!

**DON CRISTOBITA.-** *(Coa porra.)* Chegouche a túa hora, taberneira!

**CASILDA.-** Ai, don Cristobita, teña piedade!

**ESTRELA.-** Barriguiña!

**BRANCA.-** Barriguiña!

**DON CRISTOBITA.-** Pero a min con esas? Cando se viu? Toma barriguiña, toma barriguiña, toma barriguiña!

*(Saen os dous. Don Cristobita dálle coa porra, e CASILDA berra como unha rata. As Mozas rinse a gargalladas desde os toneis. Música.)*

**CAMBIO DE ESCENA. (Música.)**

## *Cadro cuarto*

**MOSQUITO.-** *A praza de antes, pero moito menos iluminada. O árbore destaca – imaxinade!- sobre un ceo sen estrelas. Pola esquerda entran as Mozas, que traen a Cocoliche bébedo.*

### ESCENA XIII

**BRANCA.-** Malas pulgas ten o tal don Cristobita.

**ESTRELA.-** E que porrazos lle deu á pobre taberneira.

**BRANCA.-** Oe, ti: que facemos con este? Pero como explicas que estea bébedo con dúas cuncas de chocolate?

**ESTRELA.-** Deixarémolo aquí; e descoida, que xa espertará cando lle dea na cara o sereno da noite. *(Vanse.)*

### ESCENA XIV

*Óese unha melodía máxica; aparece o Mosquito. A luz aumenta. Vendo a Cocoliche durmido, achégase a el e tócalle coa trompetiña no oído. Cocoliche dálle un lapote e o Mosquito retírase. Antes tapa cunha manta a Cocoliche.*

**MOSQUITO.-** El non sabe o que pasa, claro! É unha criatura... Pero o certo é que o corazón da Rosiña, un corazónciño así de pequeniño, escápaselle. *(Ri.)* O amor por Rosiña é como un gran corazón trazado co dedo na area dunha praia. Agora, este escribirá: "LEMBRANZA", e o mar fará o resto... *(Vaise tocando a trompetiña, e a escena queda outra vez escurecida.)*

*Entran ALBA e LARA co Mozo embozado.*

**MOZO.-** Agora alégrome de vir, pero teño unha rabia, que as palabras non me saen da boca. Entón, dis que Rosiña casa?

**ALBA.-** Mañá mesmo, cun tal don Cristobita: rico, borrachón, durmiñón e tan bruto, que fai cachos a súa sombra... Pero eu creo que Rosiña te esqueceu.

**MOZO.-** Non é posible; quería tanto...

**LARA.-** Pero dis que hai cinco anos!

**MOZO.-** Tes razón.

**ALBA.-** Por que a deixaches?

**MOZO.-** Non sei. Aquí aburríame demasiado. Ía ao porto mercar peixe, viña do porto a vender peixe... Eu cría que polo mundo estaban sempre repicando as campás e que nos camiños había grandes pazos, con mozas bonitas e simpáticas. Non hai nada de isto! É moi aburrido!

**LARA.-** E que pensas facer?

**MOZO.-** Quero vela.

**ALBA.-** Iso é imposible. Ti non coñeces a don Cristobita.

**MOZO.-** Pois quero vela, custe o que custe.

*(Pola dereita entra Zocas-Boas.)*





*(Agora, fóra, dende o que ven sendo a súa casa, escóitase a verdadeira voz de Rosiña, que canta desvelada.)*

**ROSIÑA.**- "No niño novo do vento hai unha pomba dourada; quen puidera namorala, meu amigo!"

**COCOLICHE.**- Esta é a primeira vez que choro de verdade! Asegúroo. A primeira vez!

**CAMBIO DE ESCENA. (Música.)**

## Cadro quinto

*MOSQUITO.- Estamos na rúa, preto da zapatería de ZOCAS-BOAS; ao lado, unha barbería-perruquería, co espello e a cadeira de brazos ao aire libre. Loxicamente aquí traballa PEITES-FINOS. Na súa zapatería, Zocas-boas está sentada no seu banco, limpando unha bota; esperando xunto ao sillonciño, Peites-Finos traballa o seu cabelo cunhas tesoiras e un peite.*

## ESCENA XVII

**PEITES-FINOS.-** Hoxe espero a gran visita.

**ZOCAS-BOAS.-** Quen vén? Quen vén?

**PEITES-FINOS.-** Vén Don Cristobita; don Cristobita, o da porra.

**ZOCAS-BOAS.-** Non che parece feo? Non che parece?

**PEITES-FINOS.-** ¡Si, si! ¡Claro! *(Ri.)*

**O MOSQUITO.-** Zapateira, zapateira..., vendes unhas zocas que parecen da feira!

**PEITES-FINOS.-** Ah! Mosquito! Xa verás cando te colla! *(Sae correndo detrás.)*

*(Polo outro lado entra Currito. Vén coma sempre, embozado; ao chegar ao centro da escena choca con Peites-Finos, que volve do lado oposto.)*

**CURRITO.-** Eh! Coidado Peites-Finos, que case me espetas as tesoiras!

**PEITES-FINOS.-** ¡Perdón, musió! Vaise vostede afeitar? A miña perruquería é a mellor que pode vostede atopar neste pobo; que digo! en cen quilómetros; que digo! ...

*(Peites-Finos fai eloxios do seu talento.)*

**CURRITO.-** Vai á porra!

**PEITES-FINOS.-** *(Remeda o pregón de Curro.)* “Peixe, peixe fresco, boíííííísimoo...”!  
*(Asubía.)*

**CURRITO.-** *(Chega á zapatería.)* Zocas-Boas, dáme as botiñas e a súa caixa.

**ZOCAS-BOAS.-** Pero... pero... pero... *(Treme.)*

**CURRITO.-** *(Furioso.)* ¡Dámo, díxenche!

**ZOCAS-BOAS.-** Toma... toma..

**PEITES-FINOS.-** *(Saltando e cantando.)* “Para vir a xunto a min, para vir a xunto a min, vai lavar a cara galopín...,”

**CURRITO.-** *(Acariña unhas botiñas de cor de rosa.)* Oh, as botiñas da linda Rosiña! Quen as tivese coas súas perniñas!

**ZOCAS-BOAS.-** Ei, Curro, déixaas na caixa! Déixaas na caixa que as vas manchar!

**CURRITO.-** *(Entusiasmado coas botas de Rosiña.)* Son como dous vasiños de viño, como dúas mazás encarnadas, coma dous beizos finos.

**PEITES-FINOS.-** Algo pasa. Seguro que algo pasa! O pobo cheira novidades...

**CURRITO.-** *(Sae, coas botas na man.)* Pero como é posible que non me queiras, Rosiña? *(Bica as botas.)* Son como dúas bágoas da lúa da tarde, *(Bico forte.)* coma dúas torres do país dos ananos... *(Vaise.)*

## ESCENA XVIII

**PEITES-FINOS.-** Xa me decatarei do que pasa. As noticias chegan ao mundo logo de pasar polas perruquerías. Nas perruquerías e barberías clasificamos a información. Este negocio meu é a encrucillada das noticias. *(Zocas-Boas foise acercando á Barbería-Perruquería, e acaba sentada e “utilizada” por Peites-Finos mentres fala.)* Estas tesoiras que ven vostedes rompen o casco dos segredos. Os barbeiros e as perruqueiras temos máis olfacto que os cans de presa; temos olfacto para as palabras escuras e os xestos misteriosos. Claro! Somos a autoridade sobre as cabezas, xardineiras que a forza de abrir camiños entre os bosques do cabelo decatámonos como pensan por dentro. Que bonitas historias podería contar dos feos dormentes dos salóns de perruquería!

**DON CRISTOBITA.-** *(Entrando.)* Quero afeitarme agora mesmo, si, señor, agora mesmo, porque vou casar! Brrrr! E non convido a ninguén, porque sodes todos uns ladróns.

*(Zocas-boas vai cara o seu “local” e mantense alerta.)*

**PEITES-FINOS.-** Son...

**DON CRISTOBITA.-** *(Alargando a porra.)* Sodes!?

**PEITES-FINOS.-** Son *(Moi afirmativa, saca un reloxo.)* as dez. *(Garda o reloxo)*

**DON CRISTOBITA.-** As dez ou as once, quero afeitarme agora mesmo.

**ZOCAS-BOAS.-** Que maliño é!

**DON CRISTOBITA.-** *(Apuntando coa porra á cabeza de Zocas-Boas.)* Tunda que tunda!

*(Zocas-Boas esconde a testa berrando como unha rata.)*

**DON CRISTOBITA.-** Imos! *(Senta.)*

**PEITES-FINOS.-** Que fermosísima cabeza ten vostede! Pero que magnífica! Un exemplar!

**DON CRISTOBITA.-** Empeza !

**PEITES-FINOS.-** *(Traballando.)* Tran , lará, lará!

**DON CRISTOBITA.-** Como me cortes, ábrote en canal. Pero que en canal, dixen! En canal!

**PEITES-FINOS.-** Excelencia, admirable! Eu estou feliz. ¡Tran, larán, larán!

*(Aparece MOSQUITO que vén coas MOZAS. Veñen bailando e cantando unha canción de rolda.)*

*PEITES-FINOS interrompe o canto, ten unha sorpresa que contar.*

**PEITES-FINOS.-** *(Mirando a Don Cristobita.)* Zocas-Boas, ven pronto!

*(MOSQUITO e TODAS quedan mirando, estrañadas, a Cristobita, durmido.)*

**DON CRISTOBITA.-** *(Roncando.)* Brrrrr, brrrrr...

**ZOCAS-BOAS.-** *(Con medo.)* Non, non quero saír. *(Coa cabeza asomada.)*

**PEITES-FINOS.-** Isto é admirable! Xa mo figuraba eu. Pero que cousa máis estupenda! Don Cristobita ten a cabeza de madeira. De madeira de carballo! *(Ri.)*

*(MOSQUITO achégase.)* E mirade, mirade canta pintura... canta pintura! *(Ri.)*

**ZOCAS-BOAS.-** *(Que sae.)* Vai espertar.

**PEITES-FINOS.**- Na fronte ten dous nós. Por aquí, suará a resina. Que bárbaro! Don Cristobita é un tarugo! *(Ri)* Un horrible tarugo! *(Ri.)*

**DON CRISTOBITA.**- *(Removéndose.)* Alixeira... brrrrr... alixeira...

**PEITES-FINOS.**- Calma, excelencia! Si, si...

*MOSQUITO e TODAS cantan ao redor de Cristobita durmido, e pianísimo para que este non esperte, pero cheos de retranca.*

**CAMBIO DE ESCENA. (MÚSICA.)**



**ROSIÑA.**- (*Aterrada.*) ¡Currito!

**TODAS.**- Ai mira, Curriiiiiito!

**CURRITO.**- Si. Currito. O que se foi polo mundo e volve para casar contigo.

**ROSIÑA.**- Non, non! Eu xa estou comprometida, e ademais, non te quero; ti deixáchesme antes. Agora vou casar con Cristobita. Vaite, vaite!

**CURRITO.**- Non me irei! Para que vin?

**ROSIÑA.**- Ai, que desgraciada son!

**ESTRELA.**- Pero si tes un reloxo!

**LARA.**- E un espello de prata!!

**BRANCA.**- E un vestido precioso!!!

**ALBA.**- E as mellores amigas!!!!

**PEITES-FINOS.**- E o peinado que? E o peinado que?? Unha obra de arte!!!!!!

**ROSIÑA.**- Si...., pero que desgraciada son!

**CURRITO.**- Vente comigo. Véxote e vólcome toliño de celos.

**ROSIÑA.**- Queres perderme, parvo!

**CURRITO.**- (*Achegándose para abrazala.*) Rosiña miña!

**ROSIÑA.**- Que non estamos sos! Vaite oír miña nai! Marcha, bandido! Axiña!

**A NAI.**- (*Entrando.*) Que pasa? Que son eses berros?

**CURRITO.**- Viña probarlle os zapatos de voda á Rosiña, porque Zocas-Boas non pode vir. Son preciosos. Como para as princesas da Corte.

**A NAI.**- Próbaos Rosiña!

*(Rosiña senta nunha cadeira. Currito axeónllase aos seus pés, e a Nai aproveita para mostrarlle a PEITES-FINOS uns papeis que traía na man. As MOZAS contemplan a ousadía de Currito con asombro e simpatía.)*

**CURRITO.**- Oh que perniña máis suave!

**ROSIÑA.**- (*En voz baixa.*) Canalla!

**CURRITO.**- (*Alto.*) Suba un pouco as saias.

**ROSIÑA.**- Xa está. (*Currito ponlle unha bota.*)

**ESTRELA.**- (*Provocando a Rosiña.*) A ver outro pouquiño... ?

**ROSIÑA.**- (*A Estrela.*) Xa hai bastante, asistente de zapataría.

**CURRITO.**- Outro pouquiño!

**A NAI.**- (*Desde a súa posición.*) Se ben mandada, nena: outro pouquiño.

**ROSIÑA.**- (*Quéixase.*) Ai!

**CURRITO.**- Outro pouquiño máis! (*Queda contemplando a perna de Rosiña.*) Outro pouquiño máis!

**A NAI.**- Voume. As botas son moi lindas, Rosiña... Vai fresco, ten coidado e non collas frío. (*As MOZAS rin. Vaise a Nai.*)

**CURRITO.**- ¡Oh, que lindo pé ten a súa mercé! ¡Oh, que lindo, que lindo pé!

**ROSIÑA.**- (*Levantándose.*) Mal home, can! (*As MOZAS fan fronte común.*)

**CURRITO.**- Rosa, Rosiña de maio, non te enfades!

*(Escóitanse campaiñas e a voz de Cristobita que se acerca.)*

**ROSIÑA.**- (*Dando pianísimos berros.*) ¡Ai, ai, ai! (*Corre pola escena no que lle da a saia.*) Don Cristobita vén! Sae correndo de aquí! (*As campaiñas soan moi forte.*) Xa sinto os

seus pasos. Iluminádeme, santa Rosa. Ah!... Ven aquí. (*Méteo debaixo da súa enorme saia.*) ¡Xa está!... Crin que morría.

**DON CRISTOBITA.-** (*Fora.*) ¡Brrrrrrrrrr!

**ROSIÑA.-** (*Cantando e medio chorando.*) Para vir a xunta min, para vir a xunta min, vai lavar a cara, vai lavar a cara, galopín!

(*Atragántase*)

## ESCENA XX

**DON CRISTOBITA.-** (*Na porta.*) A carne humana chéirame aquí. Como non ma deas, cómete a ti!

**ROSIÑA.-** Que cousas tes, Cristobita!

**DON CRISTOBITA.-** Non quero que fales con ningún home! Con ningún home! Xa cho dixen! (*Aparte*) Ai, que apetitosa está! Que par de xamonciños ten!

**ROSIÑA.-** Eu, Cristobita...

**DON CRISTOBITA.-** Imos casar deseguido... (*Diríxese ás MOZAS.*) E, oe!, sabedes como hai que matar coa porra? Non?... Pois veredes... Fago pun!, pun!, pun!... e ao barranco. (*Ha,ha,ha... ri.*)

**ROSIÑA.-** Si; é moi bonito.

**CASILDA.-** (*Asomando.*) Que di a oficiante do concello para vodas, divorcios, xubilacións e manifestos póstumos que se preparen que xa vén.

**DON CRISTOBITA.-** Xa estamos! Xa estamos!

**PEITES-FINOS.-** Podo axudar Casilda? (*CASILDA faille un aceno afirmativo e saen. CRISTOBITA colle unha botella e baila mentres bebe.*)

**ROSIÑA.-** Entón... Poreime o veo...

(*As Mozas collen o veo e intentan poñerllo.*)

**DON CRISTOBITA.-** Eu tamén vou pór un gran chapeu e colgar cintas na porra... Agora veño. (*Vaise bailando.*)

**CURRITO.-** (*Asomando por un burato da saia.*) Marchou?

(*Entra Cocoliche dando un gran salto.*)

**ROSIÑA.-** Ai! (*COCOLICHE diríxese a ela e dálle unha aperta.*) A ninguén máis que a ti quero no mundo! (*Cocoliche cóllea das mans e míranse namorados.*)

**MOZAS.-** Ooooooooooh, que bonito!

**COCOLICHE.-** Rosiña!

**CURRITO.-** (*Desde a saia.*) Xa mo figuraba eu! Es unha mala muller. Falsa! Mentireira!

**COCOLICHE.-** Que é isto?

**ROSIÑA.-** Eu vólcome tola!

**COCOLICHE.-** Rata! Bicho! Que fas na túa rateira? Sae ao aire libre onde están os homes. (*Golpea a saia.*)

**ROSIÑA.-** Tede piedade de min!

**COCOLICHE.-** Ter piedade de ti? Oh miserable muller.

**CURRITO.-** Como saia vouvos estrangular aos dous !

**COCOLICHE.-** Sae pronto! Covarde, a que estás esperando?

*(Escóitanse campaiñas e a voz de Cristobita que se acerca.)*

**ESTRELA.-** Que vén Cristobita!

**ROSIÑA.-** Piedade, que vén Cristobita !

**COCOLICHE.-** Que veña! Así verá como a súa noiva se entende co amante.

**ROSIÑA.-** Eu explicareicho, amor meu. Foxe!

**DON CRISTOBITA.-** *(Fóra.)* Rosiña... pequeniña!...

**BRANCA.-** Xa está aquí!

**LARA.-** Non hai tempo!.

**ROSIÑA.-** Aquí Cocoliche! *(Abre o outro lado da saia e esconde a Cocoliche; as MOZAS axudan. Despois pon un veo rosa na cabeza.)* Morro! *(Fai como que canta.)*

**DON CRISTOBITA.-** *(Entrando.)* Que ruído era ese?

**ROSIÑA.-** Son... as miñas amigas que... que esperan nerviosas a nosa voda!

**DON CRISTOBITA.-** Non quero nervios! Non quero amigas! Fora! *(As MOZAS saen.)*

**ROSIÑA.-** Pero... se están convidadas a nosa festa!

**DON CRISTOBITA.-** Pois que esperen! Que esperen! *(Aparte.)* E xa me decatarei do ruído. *(Alto.)* Ben, Rosiña, vou buscar ao oficiante da cerimonia. Eh? Oh, que apetitosa estás!

*(Sae Don Cristobita.)*

## ESCENA XXI

*(Polas aperturas da saia asoman as cabeciñas de Currito e Cocoliche.)*

**CURRITO.-** Eu vou estoupar! Afogo aquí dentro!!

**COCOLICHE.-** Conque ti es o amante de Rosiña? Xa nos veremos as caras!

**CURRITO.-** Cando ti queiras, chisgarabís!

**COCOLICHE.-** Se esta saia non fose de Rosiña...

**CURRITO.-** Ha! Que?

**COCOLICHE.-** De boa gana che quitaba o nariz dun bocado! *(Fóra óese un: Vivan os noivos! Vivan!.)* Xa vas casar... xa me esqueces para sempre! *(Chora.)*

**CURRITO.-** *(Declamatorio.)* Vin ao pobo para aprender como se pode esquecer.

**COCOLICHE.-** Xa non me dirá: Cariña de froita... nin eu lle direi: Cariña de aménodoa...

**CURRITO.-** Ireime para sempre, para sempre!

**COCOLICHE.-** Ai, ai, ai!

**CURRITO.-** Ingrata, ingrata, ingrata!

*(Fóra soa música.)*

**COCOLICHE.-** Eu non poderei vivir!

**CURRITO.-** Xamais mirarei a outra muller! *(Os dous bonecos choran.)*

**MOSQUITO.-** *(Entra pola esquerda; reparte panos para soar os mocos.)* Non hai que chorar, amiguiños, non hai que chorar. A terra ten camiños brancos, camiños lisos, camiños bobos... Pero, mozos, por que ese malgaste de perlas? Non sodes príncipes. En fin, que máis ten! A lúa non está en minguante, nin o aire vai, nin o aire vén... *(Toca a*



*cornetiña e vaise.)* Nin vai, nin vén. Nin vén, nin vai... *(Cocoliche e Currito dan un forte suspiro e quedan mirándose.)*

*(De súpeto aparece Don Cristobita, e achégase a Rosiña. Música e campaneio afastado.)*

**DON CRISTOBITA.**- Ai, Rosiña do meu corazón! Ai, Rosiña, que xa imos casar!

**ROSIÑA.**- *(Para si.)* Agora matarame coa porra.

**DON CRISTOBITA.**- Estás mala? Parece que suspiras! Pero é do que che gusto. Xa son vello e entendo as cousas. Mira que traxe teño! E que botas! Lalelo, lalelo! Ah! Traian doces e viño... Moito viño! *(Entra o criado cunhas botellas. Cristobita colle unha e empeza a beber.)* ¡Ai, Rosiña bonita! Pequeniña! Verdade que son guapo? Dareiche un bico! Toma, toma... *(Bícaa. Neste momento Cocoliche e Currito móvense baixo a saia e dan un berro de rabia.)* Que é iso? Pero é que esta casa ten medo? *(Colle a porra.)*

**ROSIÑA.**- Non, non, Cristóbal! Son os invitados e o cura que nos espera para nos casar...

**DON CRISTOBITA.**- *(Soltando a porra.)* Moito ruidiño fan, caramba! Moito ruidiño fan! Rosa! Rosa! Dime algo!

**ROSIÑA.**- *(Aterrada e finxindo.)* Quérote, Cristobita.

**DON CRISTOBITA.**- Lalelo, lalelo! *(Bícaa. Da saia sae outro berro.)* Isto acabouse, acabouse e requeteacabouse! ¡Brrrrrrrr!

**ROSIÑA.**- Ai! Non, non te poñas así.

**DON CRISTOBITA.**- *(Coa porra.)* Que saia quen sexa!

**ROSIÑA.**- Mira: non te poñas así. Un paxaro pasou agora mesmo pola fiestra, cunhas ás... así de grandes!

**DON CRISTOBITA.**- *(Arremedándoa.)* Así de grandes! Así de grandes! Pero eu estou cego? Tómasme por parvo?

**ROSIÑA.**- Non me queres!... *(Chora.)*

**DON CRISTOBITA.**- *(Conmovido.)* Créote... ou non te creo? *(Solta a porra.)*

**ROSIÑA.**- *(Ridículo.)* Que noite tan clara vive sobre os tellados! Nesta hora, os nenos contan as estrelas, e os viaxeiros dormen pensando na volta.

*(Cristobita senta, pon os pés sobre a mesa e empeza a beber.)*

**DON CRISTOBITA.**- Gustaríame ser todo de viño e beberme eu mesmo. Hooo! E a miña barriga un pastel, un gran pastel rosado, con ameixas e patacas doces..... *(Os bonecos asómanse e suspiran.)* Quen suspira ?

**ROSIÑA.**- Eu... Son eu, acordándome de cando era nena.

**DON CRISTOBITA.**- Cando eu era neno, déronme un pastel máis grande que a lúa e comino eu só. Hooo! Eu só.

**ROSIÑA.**- *(Romántica.)* Nos montes do sur hai sombras baixo os seus carballos, sombras esmagadas, sombras mortas que nunca se van. ¡Oh, quen estivese baixo as súas raíces! O monte do leste ten pés de luz e peiteado de neve. ¡Oh, quen estivese baixo os seus mananciais! Aquí estamos lonxe de calquera deles...

**DON CRISTOBITA.**- Aquí estamos lonxe de calquera deles...

**ROSIÑA.**- Longos camiños cor laranxa. ¡Oh, quen se perdese por eles!

*(Cristobita, oíndoa, como quen oe a un violinista, quedou durmido, cunha botella na man.)*

## ESCENA XXII

**CURRITO.**- *(Moi baixiño.)* Saíamos!

**COCOLICHE.**- Non! Quero morrer aquí.

**ROSIÑA.**- Calade, por Deus!

*(Entra o mosquito e empeza a tocar a cornetiña na orella de Don Cristobita. Este dálle lapotes)*

**CURRITO.**- Ireime a onde non me vexades nunca máis.

**ROSIÑA.**- Se algunha vez te ameí, xa non me lembro. Es un home errante.

**COCOLICHE.**- Que oio!

**ROSIÑA.**- A ti só, amor meu!

**COCOLICHE.**- Ai, pero vas casar con Cristobita!

**DON CRISTOBITA.**- ¡Brrrrrr... Pícaros mosquitos! Pícaros mosquitos!

**ROSIÑA.**- Santa Rosa: que non esperte! *(Move a saia e saca a CURRITO.)*

*(Toda esta escena será rapidísima e en voz baixa.)*

**CURRITO.**- *(Saíndo.)* Adeus para sempre, ingrata! A miña pena é que xamais te esqueceréi.

*(Neste momento o Mosquito dá un forte trompetazo na cabeza a Cristobita que esperta.)*

**DON CRISTOBITA.**- Ah! Que! Que! Imposible! ¡Brrrrrrrrrrrr!

**CURRITO.**- *(Sacando un puñal.)* Calma, señor meu, calma!

**DON CRISTOBITA.**- Mátote, tritúrote, esmágoche os ósos! Xa mas pagarás, Rosiña, mala muller! Cos cartos que me custaches! Brrr...! *(Golpeando coa porra.)* Pin! Pin! Pan! Afógame a rabia! Pun! Pan! Que facías aquí?

**CURRITO.**- *(Tremendo.)* O... que me dá a gana.

**DON CRISTOBITA.**- Ahrrrrrrrr! Con que o que che dá a gana? Pero home! Toma gana! Toma gana! Toma gana. *(Currito acomete a Cristóbal co seu puñal, pero este queda cravado no peito do durmiñón dun xeito raro. Currito foxe, perseguido por Cristóbal, que lle vai dicindo:)* Toma gana! Toma gana!

*(Rosiña dá uns berros agudísimos ou ri dun xeito histérico. En todo este momento os personaxes estarán axudados por varios pitos da cornetiña do MOSQUITO.)*

## ESCENA XXIII

**COCOLICHE.**- Déixame saír, que eu matareino cando veña.

**ROSIÑA.**- Que te deixe saír? *(Pensa; torce o xesto.)* Non cho permito! Ai!

**COCOLICHE.**- Rosiña: déixame que o estrangule.

**ROSIÑA.**- Que te deixe saír? *(De novo, pensa e torce o xesto.)* Non cho permito! Agora vén, e mátanos aos dous!

**COCOLICHE.**- Así morreremos xuntos!

**ROSIÑA.**- Que te deixe saír?... Ai, si!... Sae! *(Move a saia.)* Corazonciño meu! Paxariño do meu xardín!

**COCOLICHE.**- *(Abrazándoa.)* Caravel disciplinado! *(Empeza un idilio romántico-tráxico.)*

**ROSIÑA.**- Vaite á túa casa; agora, eu morrerei.

**COCOLICHE.**- É imposible, Rosiña entre as flores. Naquela estrela fareiche un balcón de prata. Desde alí veremos como treme o mundo vestido pola lúa.

**ROSIÑA.**- *(Esquecéndoo todo e en plena felicidade.)* Que romántico es, primor meu!

**COCOLICHE.**- Cada día vasmе parecendo máis rosada; cada día parece que te arrincas un veo, e xordes espida.

**ROSIÑA.**- (*Pondo a cabeciña sobre o peito do seu noivo.*) No teu peito levantaron o voo miles de paxaros; meu amor, que feliz son cando estou ao teu lado. (*Fóra óese a voz de Cristobita, e Rosiña sae do seu éxtase.*) Foxe!

**DON CRISTOBITA.**- (*Aparece na porta e queda estupefacto.*) ¡Ahhrrrrrrrr! ¡Tés os amantes a pares! ¡Prepararse para o barranquiño! ¡Pin! ¡Pan! ¡Brrr! (*Cocoliche e Rosiña bícanse desesperadamente, diante de Cristóbal.*) ¡Imposible! ¡Eu, que matei trescentos ingleses, trescentos constantinoplos! ¡Acordarédesvos de min! ¡Ai! ¡Ai! (*A porra cáelle da man, e cae cun gran estrépito.*) ¡Ai a miña barriguiña! ¡Ai a miña barriguiña! ¡Pola vosa culpa rompín, morrín! ¡Ai, que morro! ¡Ai! Ahrrrrrrrr! Pun! ¡Acabeime! (*Queda bandullo arriba coas mans por alto e logo caen.*)

**ROSIÑA.**- Morreu! Ai Deus, que compromiso tan grande!

**COCOLICHE.**- (*Achegándose con medo.*) Oe: non ten sangue!

**ROSIÑA.**- Que non ten sangue?

**COCOLICHE.**- Mira! Mira o que lle sae polo embigo!

**ROSIÑA.**- Que medo!

**COCOLICHE.**- Sabes unha cousa?

**ROSIÑA.**- Que?

**COCOLICHE.**- (*Enfático.*) Cristobita non era unha persoa!

**ROSIÑA.**- Que?... Que non mo digas sequera! Que afogo máis grande! De que xeito; como que non era unha persoa?

*(Entra Casilda, funcionaria da casamentos, e o Mosquito, cunha bandeirola branca e tocando a corneta. Trae un pano negro enorme, co que tapar a Don Cristobita. Casilda empeza a entoar un cántico fúnebre. A escena vaixe enchendo con todos os personaxes.)*

**A NAI.**- (*Entrando.*) Que pasa? Que pasa?

**COCOLICHE.**- Mirade!

**A NAI.**- Reventou!

**CASILDA.**- Un momento. Un home morto. (*Entoa un cántico fúnebre.*)

**TODOS.**- Acabouse, acabouse, Cristobita.

**CASILDA.**- (*Dirixíndose á NAI.*) Cantemos ou non cantemos, cinco duros gañaremos.

**COCOLICHE.**- Agora sinto o meu peito cheo de cascabeis, cheo de corazónciños. Parezo un campo de flores.

**ROSIÑA.**- Para ti serán as miñas bágoas e os meus biquiños, que es un caravel!

**MOSQUITO.**- (*Sáindo coa comitiva.*) Imos enterrar ao gran ganapán, Cristobita, o borrachuzas, que xa non volverá. Ran, rataplán, rataplán, rataplán. Rataplán! (*Cocoliche e Rosiña quedan abrazados.*)

**Fin.**